



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

No marco da nova **Estratexia de Impulso á Biotecnoloxía en Galicia 2016-2020**, liderada pola Xunta de Galicia, as principais institucións, universidades e empresas do ecosistema biotecnolóxico galego asistirán conxuntamente ao congreso **Biospain 2016**, o maior congreso nacional do sector biotecnolóxico que se celebrará en Bilbao do 28 ao 30 de setembro.

A **Axencia Galega de Innovación (GAIN)**, a **Axencia de Coñecemento en Saúde (ACIS)**, os dous Campus de Excelencia Internacional de Galicia (**Campus Vida** e **Campus do Mar**) e o **Cluster Tecnolóxico Empresarial das Ciencias da Vida (BIOGA)** son os integrantes do proxecto de asistencia conxunta ao congreso **VII Encontro Internacional BioSpain 2016**. As mencionadas entidades, principais representantes do ecosistema de innovación biotecnolóxica rexional, representarán ao sector público, aos organismos xeradores de coñecemento e ao tecido empresarial nunha das citas de referencia mundial no sector bio.

Segundo o último informe publicado pola **Asociación Española de Bioempresas (ASEBIO)**, Galicia está entre as primeiras comunidades españolas en canto á súa competitividade en innovación biotecnolóxica, sendo a **sétima** comunidade con maior número de empresas bio e a **terceira** con maior actividade bioemprededora a nivel nacional. A iso, súmase a presenza de **dous Campus de Excelencia Internacional**: o Campus Vida liderado pola Universidade de Santiago e o Campus do Mar liderado pola Universidade de Vigo, que fan da rexión un dos principais focos nacionais de xeración de coñecemento neste eido.

A recente publicación por parte da Xunta de Galicia, a través de GAIN,

da **Estratexia Galega de Impulso á Biotecnoloxía** dá un paso máis, sinalando o sector como clave para a competitividade futura da rexión e prevendo a mobilización de máis de **200 millóns de euros de investimento para a creación de máis de 30 novas empresas biotecnolóxicas e 300 novos empregos especializados**, nun sector que espera acadar en Galicia un nivel de facturación de 300 millóns de euros anuais en 2020.

O congreso, cuxa anterior edición se celebrou en 2014 en Santiago de Compostela, espera a asistencia de **máis de 850 compañías dun total de 37 países**. Durante a celebración da feira, a delegación galega estará presente na zona de exposición nun **espazo agrupado de 32 m2 compartido entre todos os axentes**. Tamén haberá unha participación importante dos asistentes na zona de partnering e non faltarán actividades de visibilización do sector biotecnolóxico galego en paralelo ás actividades propias do evento.

Para información adicional e inscricións, as entidades interesadas tedes á vosa disposición a calquera dos organismos que formamos parte do proxecto de asistencia conxunta a Biospain 2016.

Agardamos que esta información sexa do teu interese e despedímonos ata o vindeiro xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando [aquí](#) . Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a informa.gain@xunta.es.